



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Laboral da Construción para o recoñecemento da formación preventiva impartida nos centros públicos, dependentes desta consellería, para os efectos da obtención da Tarxeta Profesional da Construción

Santiago de Compostela, 18 de febreiro 2021

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Doutra, don -----, presidente do Consello Territorial de Galicia da Fundación Laboral da Construción, por acordo tomado na reunión celebrada o día 28 de novembro de 2019 e recollido na acta nº 201 do Consello Territorial de Galicia da Fundación Laboral da Construción, polo que se nomea Presidente a don -----, actuando como representante legal da mesma.

Interven en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que entre as competencias que en materia educativa lle corresponden a esta Comunidade Autónoma conforme ao establecido no artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, tendo atribuído o seu exercicio a Consellería de





Cultura, Educación e Universidade de conformidade co establecido no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

2. Que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional é o órgano encargado da xestión das competencias en materia de ordenación do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; e así mesmo da potenciación da inserción profesional do alumnado que curse ensinanzas de formación profesional, do fomento do espírito emprendedor e do impulso das relacións entre os responsables da formación, do emprego e da produción, mediante plans de información e establecemento de convenios.

3. Que a Fundación Laboral da Construción (en adiante FLC), é un organismo paritario que persegue un fin de interese público, vinculado ao “*Convenio Colectivo Xeral do Sector da Construción*”. Así mesmo, é unha entidade sen ánimo de lucro constituída polas entidades máis representativas do sector: *Confederación Nacional de la Construcción (CNC)*, *CCOO de Construcción y Servicios* e a *Federación de Industria, Construcción y Agro de UGT (UGT-FICA)*. A súa finalidade primordial é crear un marco de relacións laborais estables e xustas e prestar servizos aos traballadores e empresas.

E, tal e como consta nos seus estatutos, os seus principais obxectivos son o fomento da formación profesional, a investigación, o desenvolvemento e a promoción de actuacións tendentes á mellora da saúde laboral e á seguridade no traballo, así como a promoción de actuacións dirixidas á mellora do emprego.

4. Que a formación profesional que se imparte nos centros públicos, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, inclúe, ademais da obtención do certificado de nivel básico en prevención de riscos laborais, unha formación específica en prevención de riscos laborais propios de cada profesión.

5. Que o VI Convenio Xeral do Sector da Construción no punto 2 do seu artigo 135, principios xerais, estipula que as accións e actuacións a realizar en relación cos contidos da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais no sector da construción e a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, teñen que ser análogas,





homoxéneas e coordinadas en todo o territorio nacional. Á FLC correspóndelle ser o fio condutor dos principios e directrices a desenvolver nos programas formativos e contidos específicos de carácter sectorial e para os traballos de cada especialidade, a fin de que de forma equivalente se establezan os mesmos niveis de aplicación e cumprimento en cada un dos Consellos Territoriais. Así mesmo, no punto 1 do artigo 148 establécese que a Tarxeta Profesional da Construción (en adiante TPC) é o documento expedido pola FLC que constitúe unha forma de acreditar, entre outros datos, a formación específica recibida do sector polo traballador en materia de prevención de riscos laborais, así como a categoría profesional do traballador e os períodos de ocupación nas distintas empresas nas que vaia exercendo a súa actividade.

En consecuencia, as partes asinantes consideran axeitado facer operativa e recíproca a colaboración mediante o presente convenio de colaboración e de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten como obxecto a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Laboral da Construción para a expedición da Tarxeta Profesional da Construción aos titulados en ciclos formativos de formación profesional inicial.

Segunda. Ámbito do convenio

Este convenio será de aplicación no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira. Actuacións das partes

A colaboración que inspira o presente convenio, que non ten contido económico, farase efectiva mediante o desenvolvemento das accións consistentes en:

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a que:

- A formación que se imparta nas especialidades relacionadas co sector da construción axustarase ás condicións establecidas no Libro II, Título 3 do VI Convenio Colectivo Xeral do Sector da Construción.
- Os diplomas ou certificados de formación expedidos polo director ou directora do centro público que corresponda, de acordo co contido formativo que se imparta, farán referencia





ao artigo que corresponda do mencionado Libro II, Título 3 e no Anexo XII do VI Convenio Colectivo Xeral do Sector da Construción. Os diplomas ou certificados de formación se poderán expedir previamente ao acceso do alumnado aos correspondentes módulos de “Formación en centros de traballo”.

- Co fin de que a formación impartida sexa válida para os efectos da TPC, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional incluírá nos diplomas ou certificados entregados o seguinte texto: “Formación recoñecida pola Fundación Laboral da Construción para os efectos da TPC, en virtude do convenio asinado o día de febreiro de 2021”.

A FLC comprométese a:

- Admitir como válida a formación impartida polos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e recollida no Libro II e no Anexo XII do VI Convenio colectivo Xeral do Sector da Construción, e que poderá ser acreditada polo alumno ou alumna para os efectos do disposto no Libro II do VI Convenio Colectivo Xeral do Sector da Construción respecto da obriga de formación en materia de prevención de riscos laborais e da TPC.
- Validar ao alumnado que realice ciclos formativos da familia profesional “Edificación e obra civil” nos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o cumprimento do requisito de experiencia establecido no artigo 151, punto 2 do VI *Convenio Xeral do Sector da Construción* para acceder á solicitude da TPC, dado que no transcurso de cada un dos ciclos formativos, os alumnos e alumnas realizan o módulo denominado “Formación en centros de traballo” (FCT) cunha duración superior a un mes.

Na difusión de todas as accións que se poñan en marcha para o desempeño do presente convenio (publicidade, comunicación, información, etc.) figurará, de forma expresa, o logotipo da Xunta de Galicia.

Cuarta. Vixencia

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse





por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Quinta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes da FLC.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que actuará como secretaria.

Esta comisión exercerá principalmente as seguintes funcións:

- Consenso dos plans de traballo e accións específicas a realizar.
- Interpretación e resolución de cantas dúbidas ou conflitos se formulen na interpretación do presente convenio e a súa aplicación.
- Vixilancia e seguimento do seu cumprimento.
- Aquelas outras que, para o efecto, se lle encomenden.

Sexta. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as partes intervincentes que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións previstas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).





Sétima. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes asinan o convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

Román Rodríguez González

O presidente do Consello Territorial de Galicia
da Fundación Laboral da Construción

